



AS FILLAS BRAVAS DE MOMÁN

~ CHÉVERE ~



Texto de Lectura Fácil



As Fillas Bravas

As protagonistas do Día das Letras Galegas 2025 son as cantareiras e a poesía popular oral!

As Fillas Bravas levan 10 anos espallando por todo o país as voces das cantareiras e a poesía popular, e queren axudar na festa.

As Fillas Bravas son tres mulleres que tocan e cantan o que lles peta como antes fixeron a súa nai e a súa avoa.

Viven na aldea de Momán, que representa todas as aldeas e na que todo é posible.

Elas son mulleres fortes e libres, seguen as tradicións e loitan pola súa liberdade.

As personaxes que aparecen da obra son Isaura, Dosinda e Benedita.



Isaura



Benedita



Dosinda



Idioma: galego



Duración: 1 hora y 10 minutos



Medidas de accesibilidad: lingua de signos



En escena: Patricia de Lorenzo, Mónica García,
Arantza Villar

Idea e creación: Chévere

Dirección: Xron

Comunicación: Xana García

Adestramento musical: Inés Portela

Adestramento baile: Carme Giráldez

Caracterización, maquillaxe: Fany Bell

Adaptación a LSE: Chusa Pérez de Vallejo,
Bea Noya García

Intérpretes LSE: Chusa Pérez de Vallejo,
Gema Santos Custodio



Chévere

Chévere é un grupo de teatro con máis de 35 anos de experiencia.

Está formado por Miguel de Lira, Xesús Ron e Patricia Lorenzo e colaboran con profesionais de distintos lugares, idades e estilos.


Gústalles usar o humor e a risa para contar o que está a pasar no mundo, dun xeito próximo e comprensible para todas as persoas.


En 2014, Chévere recibiu o Premio Nacional de Teatro polo seu compromiso coa sociedade e a cultura.


O premio foi polo seu traballo en equipo, a súa innovadora mestura de estilos e a súa mirada crítica sobre a realidade.

As Fillas Bravas de Momán é unha produción de Chévere, co apoio do Concello de Teo e Agadic.

Máis información:

 CHÉVERE
Rúa da Queimada 49, baixo.
15703 - Santiago de Compostela,
A Coruña.

 info@grupochevere.eu

 <https://grupochevere.eu>

